

VILAGARCÍA.—CONVENTO E PAZO DE VISTA-ALEGRE

BOLETIN

DE LA

REAL ACADEMIA GALLEGA

Año XX | *Coruña, 1.º Noviembre 1925* | Núm. 177

UN PAZO GALEGO NOS SÉCULOS XVI E XVII

O estudo e clasificazón dos pazos galegos é labor do mais outo intrés; mais pra facela compreta arrecadando novas en canto fai â data en que se ergueron, —en moitos trabucada— e aos mestres de obra —nos mais incógnitos—, compre buscar lús nos documentos de arquivos particulares de fidalgos que pol-o geral non curaron deles. De ista crás de investigazóns tan necesáreas en Galiza e de tanta dificuldade é a que vai a seguir en col do pazo chamado de Vistaalegre, solar, coa torre de Barrantes, hoje desparecida, dos Mendoza Caamaño e Soutomaor, Siñores e Marqueses de Vilagarcía e Vizcondes de Barrantes, un dos moimentos mais curiosos da nosa Pátrea drento do seu género.

O EMPRAZAMENTO

Háchase situado na banda S. da vila de Vilagarcía. O área ocupada pol-o edifizo, dependenzas e horta abrangue boa parte do dende antigo chamado Castro de San Cristobo de Alobre (1), da pertênza do Mosteiro de S. Martiño Pinario de Sant-Iago, por doazón feita en vintesete de Junio do ano novecentos doce por Ordoño II ao abade don

(1) Ao mentar o Castro de San Cristobo de Alobre non podo por menos de lembrarme da famosa custión a que dou lugar Muratori ao copiar as inscripzóns romanas que un manuscrito da Bibrioteca Farnesiana daba como topadas no *Castro Sancti Christophori, in Callæcia*. Os eruditos botáronse a buscar o castro menzoado e discurriron pol-a sua conta dando por resolta a cousa co achádego feito pol-o siñor Gómez Moreno de catro das sete inscripzóns de Muratori, en terras de Astorga.

Con motivo de iste achádego comenta o ilustre don Marcelo Macías: «..... mal podía aparecer en Galicia semejante castro cuando no estuvo en ella, sinó en tierra de Astorga» (*Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*.—T. V.—Núm. 78. Enero a Junio

Guto (1), confirmada ao ano seguinte no pontificado do o bispo Sisnando (2), no de Gelmírez o quince de Abril do mil cento quince (3), con mais a confirmazón de doña Urraca en mil cento vinte (4) e outras que se citan (5). N-esas escrituras dase conta da capela esistente no Castro baijo a advocazón de S. Cristobo, santo que é hoje titular do Mosteiro que está junguido ao Pazo. A casa de Caamaño dimpois de algunhas vicisitudes entrou de cheo na posesión do Castro co seu señorío e jurisdicción pol-a transaizón de trinta e un días do mes de Maio de mil e quiñentos e oito anos feita entre García de Caamaño «o Fermoso» e o Mosteiro devandito pol-a que o derradeiro da en foro a aquel o lugar de Vilagarcía en mil e quiñentos maravedís pares de brancas e o dezmo de cada cousa vendida (6).

A situación do Pazo é ademirabre. Na data da sua fundazón ficaba no estremo de unha peninsua, no mesmo punto de xuntanza das augas do río do Con cas augas da ría de Arousa; hoje os terreos circunveciños que denantes, agás pol-o Poñente, formaban unha junqueira ou esteiro son de labradío debido ao esforzo do home ajudado do fenómeno da recuada das augas. Por entremedio de dous cubos da muralla da que logo falaremos e pasando por diante do edifizo baijaba o camiño real de Cambados, camiño ben concurrido de toda a bisbarra do val de Salnés e servido, pra pasar o río nomeado que vai lambendo os mnros, de un barco no intre da chea do mar. No devalo os viandantes pasaban o

---

de 1911, págs. 27 a 31). Mais queda en pé a custión da notazón geográfica e hai que súpor un trabucamento no primeiro copista, cousa moi rara por certo. Por isto non está de mais o deijar sentado que en Galiza eisiste un castro chamado de San Cristobo en documentos do século X no que se topou un cimeterio de romanizados que presupon, asegún López Ferreiro e o señor Gil e Casal, un pobo próisimo de certa importanza. Conezo documentos do século XVI e dos posteriores que lle chaman concretamente *Castro de San Cristobo*.

¿E non podería ser feito o manuscrito da Farnesiana por algún frade do mosteiro de San Martiño que dende tan atrás era dono do cubizado Castro?

(1) F. Antonio Yepes, *Corónica general de la Orden de San Benito*. Valladolid, 1613. Tomo IV. Apéndices, fol. 435.

(2) Yepes, op. cit. Na revista *Ultreya* (Núm. 8. Nov. de 1919, págs 121 e segts.) pubrícase un treslado semellante pro de distinta data. López Ferreiro reprodúcea de Yepes no apéndice XXXII da sua magna Historia, pág. 69 dos apéndices.

(3) Yepes, op. cit. fol. 436 volto.

(4) Citado por o distinto historiador e académico don César Vaamonde: *Las rentas del monasterio de San Martín de Santiago en 1820*. (Boletín de la Real Academia Gallega, año II, núm. 14, nota.)

(5) Don Ramón del Valle fai menzón de unha confirmazón de Alfonso VII cos seus fillos Sancho e Fernando na era do 1184. *Villagarcía*, artigo en «La Ilustración Gallega y Asturiana», t. II, núm. 1, págs. 3 e 4.)

(6) Del Valle, art. cit.

río a pé (1). Finando o século XVIII sabemos que eisistía n-aquel logar unha ponte que as maréas guindaron entrado o século XIX (2). No ano de mil oitocentos trinta e catro rematouse a que hoje se conserva, según testemuña de veciños que lembran un letreiro con ista data, testemuña enrrequentada pol-o anónimo e sabido colaborador do *Diccionario Geográfico Universal* (3), que escrebe no dito ano referíndose ao Convento: «Está situado a la parte del S. de la villa y separado del pueblo unas 250 varas, cuyo espacio, por bañarlo el agua salada en todo el flujo de la marea, se transita desde la puerta del atrio de la iglesia parroquial en línea recta *por un puente que acaba de construirse*» (4). Agora, fai poucos anos, fíxose a estrada a Cambados arrentes do Pazo seguindo en parte o antigo camiño real e houbo necesidade de botar por terra un anaco das defensas e construir unha nova ponte paralela â pirmeira. O Pazo conserva, pois, a sua primitiva e ventajosa posizón: n-un outo, domeando a vila, â veira da sua estrada principal, tendo cara ao mar a faciana posterior e dando vista âs terras de pan levar da privilegiada freguesía de Santa Baia de Arealonga.

FUNDAZÓN E REFORMAS SUBSEGUINTES

Ao que parez houbo n-este mesmo sitio en que se empraza o Pazo actual outro que lle precedeu. D. Ramón del Valle fai menzón de un recinto fortificado que sirveu de refugio a D. García de Caamaño «cando fugíu da fortaleza de Goians» (5). Murguía dí, referíndose sen dúbi-

(1) Vide as Memorias do Cardeal Hoyo que na sua maor parte garda inédito o arquibo arcebispal de Sant-Iago, pro que n-aquela que agora nos intresa foron pubricadas pol-o benemérito erudito que tanto leva feito pol-a historia de Galiza don Pablo P. Constanti no «Boletín Eclesiástico» e por min dempois en «Galicia Nueva», diario de Vilagarcía. O que fai ao Pazo de Vistaalegre ponse mais adiante.

(2) «A la salida de Villagarcía en el parage nombrado Vista alegre se ha arruinado un Puente por la creciente de las mareas; y por ser cortos los fondos de la Villa sólo se ha reparado con tablas por no poderse interrumpir aquel tránsito..... » (Labrada, *Descripción económica del Reino de Galicia*. Riesgo Montero. 1804, pág. 131).

(3) *Diccionario Geográfico Universal*, por una Sociedad de Literatos: S. B. F. M. C. L. D. Barcelona. Torner. 1834, t. X, art. *Villagarcía o Santa Eulalia de Arealonga*.

(4) Pra levar a remate a construzón de ista ponte foi percisa a concesón de un imposto asegún ventamos de un documento que nós poseemos, que encerra unha diligenza de embargo e subasta do embargado, do ano de mil oitocentos trinta e seis. Procédese contra Alonso García e o seu fiador Fernando Rodríguez como deudor o pirmeiro da cantidade de cinco mil oitocentos corenta e sete reás e decesete maravedís de vellón «por haber sido arrendatario de los quatro maravedís impuestos y concedidos por S. M. al Ayuntamt.° de la propia villa para con su producto atender a las obras públicas de Fuente y *Puente de Vista alegre;* y citado arriendo por term.° de vn año que tubo principio en primero de Abril de ochocientos treinta y dos y hasta ser fenecido en otro igual de ochocientos treinta y tres.....» etc.

(5) Op. cit.

da aos cubos que circundan a horta que iste Pazo conserva, «restos en las defensas de construcciones ojivales» (1). Nós nada podemos aportar de novo pra o escrarecemento de ista custión como non seja a relazón que poida eisistir entre ista construzón e o dato histórico de que se fai mentes nos nobiliarios da familia Caamaño, isto é, a intervenzón dos Caamaños nas loitas entre D. Pedro e D. Enrique de Trastamara, que deron por resultado o abandoar os de aquel alcume seu casal de Santa María de Caamaño, perto de Noia, e virse a gardar nas posesións que por Rubiáns e Arealonga tiñan.

Do moimento tal como se hacha na época persente téñense ocupado algúns inteligentes con pouca fertuna pol-o que toca â data en que se erguéu e â disposizón do seu conjunto. Del Valle (2) non topa n él nada que lle intrese e atribuieo ao mesmo século que ergueu o Convento, ou seja ao XVII. As mesmas afirmazóns fai o anónimo autor da *Guía General de la Provincia de Pontevedra* (3) que segue nas suas notas en col de Villagarcía ao anterior.

Modernamentes o meu querido amigo, noso arqueólogo Angel del Castillo, da ao Pazo de Vista-alegre a importanza que merez no que cabe n-unha sua famosa conferenza en que fixo desfilar toda a riqueza artística do noso país (4) e o notábel arquitecto D. Leopoldo Torres Balbás, adícalle un traballo pubricando a planta do piso ou andar principal (5), que tería de utilizar Lampérez ao se ocupar da arquitectura

(1) *Galicia*, pág. 651. (Na coleizón «España.—Sus monumentos.....» Barcelona, 1888).

(2) Op. cit.

(3) *Guía general de la Provincia de Pontevedra. Historia, monumentos, usos del país..... ilustrada con multitud de grabados y un mapa de la provincia*, por Un Curioso. Pontevedra. La Teucrina. 1894, pág. 187.

(4) *Riqueza monumental y artística de Galicia*. La Coruña. Tip. de «El Noroeste», 1921, pág. 18.

(5) *Residencias rurales.—El palacio de Vistaalegre en Villagarcía*. («Arquitectura», núm. 13, Madrid. Mayo de 1919.) Afórranos toda descripzón a copia da que fai Torres Balbás no seu artigo, visión justa e singela do Pazo de Vistaalegre:

«Las fachadas de sillería granítica, grande y bien labrada, tienen sencillas ventanas sin moldura alguna. En uno de sus ángulos dominando el resto levántase la torre, almenada, con una ventanita de ángulo hoy tapiada, unos bustos de gran relieve encerrados en medallones circulares y un escudo de ángulo también. Encima de la puerta de entrada, lisa y en arco, la moldura de cornisa elévase formando un semicírculo peraltado a manera de frontispicio, en el cual cobíjase el escudo, pobre y ya algo barroco. Sobresalen del tejado a dos vertientes dos altas chimeneas de piedra, circular una y rectangular la otra. Remátanlas molduras de las usadas en el siglo XVI, de tipo análogo a las restantes del palacio. Gárgolas muy salientes de piedra despiden el agua de los tejados. El conjunto es sobrio y hácenlo pintoresco, más que bello, el color de la piedra, recubierta a trechos de líquenes amarillentos, los arbustos que nacen en la cornisa de la torre y los rosales que cubren parte de sus muros».

civil na España (1). Con todo repetíronse os erros respectivo da época —pois cóntano como do século XVII— e respectivo da sua forma crêdoo do tipo angular c-unha torre n-un dos estremos.

Pois ben: estas afirmazóns quérense rectificar eiquí sentando a proposizón de seren do século XVI e do tipo de caserón corrido entre duas torres o chamado Pazo de Vistaalegre.

Vexamos en primeiro a custión de data.

A mais antiga descripzón que conoscemos do Pazo que nos ocupa é a feita pol-o visitador, dignidade de cardeal, D. Jerónimo del Hoyo, que nas suas mamorias fala eisí:

«Ay entre esta villa (Vilagarcía) y la Casa de Vista Alegre que es de los señores della vn espacio de vn tiro de ballesta, en partes menos, y este se llena de agua quando crece el mar y quando devala, queda seco y así pasa cada día y dos veces a pata y otras dos en barco.

Esta casa de Vista Alegre es muy buena y tiene buena huerta y un palomar en ella y junto a la puerta dos molinos y una hermita de San Xpobal donde las señoras della oyen de ordinario misa; y ay en esta casa un Relox por do se rije toda la villa» (2).

¿En que ano ollou o cardeal Hoyo o Pazo de Vistaalegre? Podémolo deducir aprousimadamentes fijándonos en que, asegún por il mesmo consta, fixo visitas a Carril no vintedous de Sant-Iago de mil seiscentos e sete, no trinta de Maio do ano seguinte e no pirmeiro de Sant-Iago de mil seiscentos e dez (3). Dada a proisimidade das duas vilas, Carril e Vilagarcía, é de supor que, días mais días menos, arreder de ista data tivo de ser a visita â ista derradeira.

No pirmeiro decenio, pois, do século XVII eisistía ainda a ermida de S. Cristoba e ja fora edificado o Pazo.

Pro podemos avantar mais nos nosos inquéritos conocendo como conecemos o testamento do home prócer que ergueu tan, de aquela, suntuosa vivenda. D. Rodrigo de Mendoza, capelán de S. M., abade de Taberga, deán de Ourens, e prior de Caaveiro outorgou sua derradeira vontade na «*mi casa de Vistaalegre,* dioces de Sant.º a tr.ª dias del mes de março año del nacimt.º de nr.º salbador JesuCristo de mill y quinien-

(1) Falando o ilustre arquitecto do pazo de Gelmirez di:

«Su disposición es de un *tipo* especial, tan alejado del monástico alrededor de un patio como del aglomerado sin él. Fórmase con dos alas en escuadra lo que debe notarse, pues parece el modelo de la hechura que presentan en general los palacios gallegos del siglo XVII y XVIII. (Oca, *Villagarcía,* Feiñanes, etc.)» (Vicente Lampérez, *Arquitectura civil española de los siglos I al XVIII,* t. 1, pág. 518).

(2) Op. cit.

(3) Op. cit.

tos y sesenta y seis años». Unha das cráusulas dí: «..... ago, ynstituyo, crio y nombro por mi universal eredero al señor alvaro de sotomayor y mendoça mi hr.º en los bienes seguientes: conviene a saber ..... *la casa q|yo hize en Vista alegre* en q al presente vive el dho. alvaro de sotomayor mi hr.º y mas las casas q yo hise y tengo en la v.ª de noya a la puerta de la corredera junto a san Franc.º .....» O escribano que recibe o testamento «sellado con cinco sellos» de mans do D. Rodrigo di que o recibe «*en la casa y torre de bista alegre* a treinta dias del mes de março de mill y quinientos y sesenta y seis años» (1).



Vista-Alegre: Torre do Pazo

É pois, ao parescer, indubitábel que o Pazo de Vistaalegre foi mandado facer por D. Rodrigo de Mendoza, abade de Teberga; mais xurde eiquí unha custión.

O irmán herdeiro D. Alvaro de Mendoza no seu testamento datado «en mi casa de Vista alegre a vte. e quatro dias del dho. mes de mayo del dho. año de myll e qui.ºs y set.ª e cinco años» ao vincular os seus bens fala de iste jeito: «y nombro por principal fundamento y cabeza de mayorazgo la mi torre y coto de Barrantes..... y después la torre y *la casa de Vista*

(1) Libro rotulado *Fundación del Mayorazgo de Vistaalegre.....* Contén os testamentos e codicilios de don Rodrigo de Mendoza e do seu irmán don Alvaro e pertêsce ao archivo dos siñores de Viqueira Barrio.

alegre y la casa de los arcos de Villagarcía (1), *las quales yo hice de Vergindad*» (2).

¿Cómo armunizar os dous testamentos? Coido que a frase de don Alvaro *las cuales yo hice de virginidad*, esprícase aceptando o suposto de que él a edificase con cartos e por mandado de D. Rodrigo, arredado iste en algun dos lugares das suas prebendas tal ves no priorato de Caaveiro.

De todos jeitos iste troco de persoalidade do patrocinador da obra non lle fai â concrusión crara e patente de que o Pazo de Vistaalegre foi erguido no século XVI. Podemos dicir que ficaba feito por compreto no ano de graza de mil e quiñentos sesenta e seis.

A segunda afirmazón, a da crasificazón como caserón corrido entre duas torres —hoje ten unha somentes e forma ángulo co convento alevantado dimpois— fundámola:

1.º No singelo análise do aspecto esterior do edificio-simetría dos vanos e dos focos, interrupzón notoria da moldura da cornisa..... —e do interior acusado pol-o prano-disposizón das pezas dos ángulos, grosor das parés marcando a torre que falla ao presente.....— e, millor ainda, do interior ouservado, pois no fayado do Pazo érguense cousa de dous metros os restos da torre de que se trata, por riba do piso.

2.º Na descripzón que se contén n-un inventario manuscrito do século XVII, que paresce da propia man de D. Mauro de Mendoza, primeiro Marqués e Vizconde, e dí testualmentes:

«Palacio de Vistaalegre.

El qual tiene Una cassa Grande con muchas cantidad de Piessas Y en lo prencipal della *Dos torres altas* cada Una con tres paBemientos y pegado a la que está a la parte del vendaual otra casa alta con su patio en medio y dentro del Un aroyo de agua Uno y otro de mucho Serviçio y estima^{on}. y pegado a dho. palacio y casa Una guerta

(1) Ista casa chamada «dos arcos» estaba onde hoje se asenta a que na Praza do Doctor Carús ocupa o «Colegio León XIII».

(2) Testamento de don Alvaro de Mendoza no libro já citado. Foi pubricado en pequena parte no rarísimo *Memorial ajustado | hecho | con citación y asistencia de las partes | en virtud | de decreto del consejo | del pleito, | que siguen en el | Doña INES ARMESTO Y TEXEIRO n. 59, | como madre y legitima administradora de su hijo don Francisco Alva | rez Lorenzana y Armesto nn. 59 y 63 | CON | DON RODRIGO RODRIGUEZ CAMPOMANES, | como marido y legítimo administrador de su consorte doña Rosa Ar | mesto nn. 61 y 62 | SOBRE | la tenuta y posesión de los mayorazgos fundados por don Alvaro | de Sotomayor y Mendoza y doña María de Zúñiga consortes.....* etc., etc. Madrid. I. Sancha, 1820. Trinta e un folios en un árbol pregado.

Grande de mucha cantidad de naranxos, limoneros y otros árboles de dar fruto toda ella çerrada con su muralla de cal y canto con sus miradores así a la mar de mucha recreación. Tiene ansi mesmo otra casa Casi pegado a dicho Palacio alta de sobrado con quatro torresillas en las cuatro hesquinas della con su saguan que Deuide la mitad para cavallerisa en que ay treinta Pesebreras de Piedra vien labradas Y toda ella vien enlosada De cantería y con tal dispusición que por el medio della y de dhas. pesebreras tiene un calexon de mucha capasidad y la otra mitad Para despexo de dha. casa y en el segundo suelo tiene una bibienda de ocho piesas (1).



Vista-Alegre: Torre do Convento

Tiene mas pegado a esta dha. casa y caballerissa Un mirador de mucha recreación q haze frente al puerto de la barca y al corral que al de Presente sirue de conexal en que ay mucha cantidad de conexos» (2).

Velaiquí craramentes manifesto de como o Pazo transcurrido cáseque un século dende a sua fundazón conservaba duas torres.

¿Que se fixo da outra torre? Eisiste na actualidade colocada n-outro lugar que o primitivo. Hoje forma parte do convento anejo abondando con eisamear a fotografía adjunta pra se decatar de que a

(1) Consérvanse capitels en grande número de colunas procedentes das pesebreiras ditas que fai tempo foron destruidas.

(2) Contido no rotulado *Libro de las Rentas, que las casas de Vista | Alegre y Rubianes*

torre *do vendabal*, como lle chama o inventario foi transportada ajeitándoa por medio de unha pequena reducción ao ángulo do dito convento donde se hacha. O escudo voado i-esquiñado cô brasón dos Mendozas e os bustos de tres persoajes gardando simetría cos seus parellos da outra torre tamen están alí. Falla sômentes o ajimez do ángulo sacrificado tal vés pol-o reducción.

¡Cousa notábel! Na torre do convento e percisamentes na cara que correspondería a do frontis do Pazo se fose posta de novo n-él vese dibujado na pedra—vide a fotografía—a esfera de un grande reloj con burato no centro do círculo para dar paso ao eijo das agullas. Con siguranza é aquil reloj de que fala o cardeal Hoyo «por onde se rejia toda a vila».

¿Cando se desmontou isa torre? Meu amigo o arriscado militar don Valentín Viqueira Barrio descendente dos Siñores de Vistaalegre e Barrantes leeu n-un dos inventarios que acougaban no ja espallado arquivo da Casa que a torre oujeto da pergunta devanceira fora derrubada por un raio (1), cousa que tivo de soceder, matino eu, ao tempo que o Arcebispo de Sant-Iago membro ilustre de ista famila don Fernando de Andrade e Soutomaor erguía o convento veciño, pois dificilmentes se poderían aporveitar os materiaes dimpois de rematada a obra; e como a parte que corresponde â eireja que é onde queda a torre foi a pirmeira que se fixo do convento e como consta estaba feita ja en nove días de Outubro de mil e seiscientos corenta e oito, (2) ao redor de ista data debeu de ser o derrombamento.

---

tienen anssi de pan, Vino, | Carneros, gallinas, Y otras Cossas = Como Patronas | gos de Conuentos, Presentaciones de Beneficios; | Y otros derechos de mucha calidad, Estimacion y | Authoridad, que pertenecen a dhas. Cassas, se halla | ran en este libro que se haze este año de 1660 = | Siendo Señores de dhas. Cassas de Vista alegre, Y Rubi | anes, y sus estados: Los Srs. Don Mauro de Men | doza Caamaño, Y Sotom.° Cauallero del hauito de Cala | trava. Y Doña Antonia de Caamaño Mendoza y soto mayor Marqueses de Villagr.a = El qual dho. Libro sus par | tidas y todo lo que contiene se ha ajustado por los fueros y | demás papeles que se han hallado en los archiuos de dhas. Cassas de | Vista alegre y Rubianes = Como por diuersos memoria | les, y ajustes de quentas antiguos y modernos que se | Han hecho Con las personas, que pagan renta a dhas. Casas = Todo lo qual se hallara en este libro con toda Distinción | y claridad segun y de la manera que en el se verá =

(Manuscrito de 166 folios numerados además da transcrita portada. Faltan folios ao derradeiro. Pertôsce ao arquivo dos Señores de Viqueira Barrio.)

(1) Véxase *Apuntes para la Genealogía de Vistaalegre*, manuscrito no que o amigo Viqueira recolleu, copiándoos, cantos papeles e notizas puido topar dos seus ascendentes detendo eisí a perda de moitos documentos de todo punto intresantes.

(2) Denantes do dito mes e ano consta que na eireja se celebraban cultos pois alí dixera misa e conferira ordes o Cardeal Spínola e o Bispo de Tuy déralle o palio ao don Fernando de Andrade. (Vid. *Copia de la fundación y dotación del convento de Vistaalegre*, manuscrito do arquivo da Sra. Marquesa viuda de Vilagarcia.)

Debeu contribuir a que se desmontase e se non percurase o seu reparo a necesidade de facer obras n-aquela parte do Pazo con ánemo de asentar o arranque do arco que sustenta o pasadizo que comunica ao edifizo civil ca tribuna do relijoso; pasadizo que ja estaba feito en vintedous dias de Junio de mil e seiscentos cincoenta e dous (1).

Por istes anos ergueuse de por riba da porta principal—única na faciana hastra fins do século XIX—a moldura da cornisa «formando un semicírculo peraltado a manera de frontispicio en el cual cobíjase el escudo pobre y ya algo barroco» (2) que ben âs craras denota ser posterior ao resto da edificazón pol-o seu barroquismo, pol-a interrupzón do aparello desfacendo as fiadas das pedras e sobor de todo por timbrarse o escudo de croa de marqués graza concedida por Felipe IV a don Mauro de Mendoza, irmán do Arcebispo, en sete de Marzal de mil e seiscentos cincoenta e cinco (3). Que se colocou iste escudo no tempo de don Mauro e non dimpois parece indicalo o ficar abrazado pol-a cruz de Calatrava de cuia Orde era cabaleiro o pirmeiro marqués.

Eisí pois no século XVII e co conto da fundazón do Convento de San Cristobo, fixéronse no Pazo grandes reformas tal ves pol-o mesmo Monteagudo que dirigeu a obra cuia pranta foi diseñada pol-o soado Domingo Antonio de Andrade, artista do que o Convento de Vistaalegre contituie a pirmeira produzón conoscida (4).

N-este século engadiuselle ao Pazo a casona que aparesce nomeada no inventario devandito que consta ja feita en vintedous de Junio de mil e seiscentos cincoenta e dous, data en que don Mauro de Mendoza ca sua muller doña Antonia de Caamaño e co seu fillo Rodrigo ceden âs cinco freilas que teñen de vir a fundar o novo Convento do de S. José de Villafranca do Bierzo, por escritura púbrica «el cuarto nuebo que está contiguo y unido a las dhas. Torres y casas con pasadizo, fuerte seguro y conveniente a la decencia de su clausura para la tribuna de la Iglesia que les ha de servir de coro alto por ahora» (5).

---

(1) Documento inserto na Copia de la fundación..... ja citada ao que se fai referenza transcribíndose un anaco mais adiante.

(2) Torres Balbás, op. cit.

(3) Papés do Marquesado de Vilagarcía.

(4) Otto Schubert, *Geschichte des Barock in Spanien*. Paul Neff Verlag. Esslingen, 1908, pág. 222. Hai traduzón castelán.

(5) Vid. a nota 28.

No século seguinte—ano de mil setecentos oitenta e oito—o arquitecto Machado fixo reparazóns no Pazo tamén con ocasión de necesitalas o Convento. Nada pudemos ventar en col da importanza que elas puderan ter (1).

MOBILIARIO DO PAZO N-ISTES SÉCULOS: INVENTARIOS

O ajeitamento interno do Pazo gira submetido ao grande salón central, o salón nobre da Casa, cuia decorazón fíxose con retratos dos fundadores e persoajes do mesmo linaje traídos de Frandes ou Italia pol-o Arcebispo que subsistiron hastra o ano mil oitocentos e tantos en que pereceron a mans de unha vella servidora da casa que fregou e raspou os lenzos en ousenza do marqués (2). Ficaban colocados sóbor de pano verde (3). Mais tarde debéronse pôr no salón os magníficos tapices, dádiva do Arcebispo que os trouxo de Frandes como consta do seu testamento (4), cas historias de Cleopatra e do Cónsul Lelio, facendo quince tapices en total.

---

(1) O día seis de Sant-Iago do ano mil setecentos oitenta e oito tivo lugar no convento eleizón de priora. O comisioado do Arcebispo Malvar, frai José de Arredondo, mestre gêral de San Bento visitou a crausura na tardiña do mesmo día e veu «lo deteriorado y ruinoso q en todas sus partes estaba el dicho Monaste.º y el iminente peligro q mostraba en algunas de ellas». Mais a chegada por aquel tempo dos Condes de Moctezuma, Marqueses de Vilagarcía «los que entraron en este su Palacio aun antes de salir dicho Sor. Visitador y Compos. de la clausura. En vista de esto determino dicho Sor. Visit.or el q si estos Sres. se mostraban deseosos de ver por adentro el convento, continuar el dia siguiente la visita de dicha clausura, ã fin de entrarlos en su compañia y hazerles con presencia de la necesidad las insinuaciones q pareciesen oportunas ps. tal vez los trahia Dios en circunstancias tales p.ª su reparo. Entraron ps. al dia siguiente acompañados del dicho Sr. Visitador y familia haviendo antes adorado al Sor. en la Yglesia adonde se les havia preparado una alfombra con dos coxines y aunque con esta visita no pudieron hacerse cargo de todas las circunstancias dichas p.ª q conmovidos sus piadosos corazones diesen orden al Arquitecto Dn. Josef Machado al que *p.ª el fin de reconozer algunas piezas de su Palacio* hicieron venir de Santiago; pasase a reconozer dicho Monasterio y les informase de todo lo que necesitase mas pronto reparo, el dia onze de este mes entró el referido Arquit.º en compañía del Sor. Visitador..... en vista de lo qual se espera q sus Ex.ªs *luego q reparen su Palacio* pongan la mano con el zelo q es propio de su piedad.....» (Arquivo Arcebispal de Sant-Iago.—Mazo titulado *Convento de Agustinas Recoletas de San Cristobal de Vista Alegre de Villagarcía.—1784-1839.*—Peza ou legajo 1.º)

(2) É referenza verbal de persoa da familia. Vid. os inventarios que van dimpois.

(3) Vid. inventarios.

(4) *Testamento, y Codicilio, d' l | Yllmo. y Exmo. Sr. Dan Fernando | d Andrade y Sotomayor | Inq.º d Sevilla, Obpo de | Palencia y d Siguenza, | Arcobpo. de Burgos y de S. | Tiago, 2 Veces Gouernador | y Capitã Genal. del Rey.º d Gala. | Virey d Nauarra y q no a | ceto serlo d Aragon, fué Pre | sidente del Consejo d Catabria | y Fundador d Conbento de | S. Chistoual d Vistaalegre | de Monjas Recoletas d' l Orden | d Nue.º Gran pe. S. Agustín | -herm.º y tio d los Yltes. Señores Mar | queses d Villa, Garcia.*= (Coaderno en pergamiño de trinta e seis folios sen numerar. — Copia do ano mil seiscentos cincoenta e cinco. — Pertenece ao arquivo da Sra. Marquesa viuda de Vilagarcía).

Pra millor e mais engebre inteligenza dos leitores que gosten de esparejar a sua imaginazón reconstituindo o pasado damos singelamentes sin comentario algún, os inventarios a seguir:

INVENTARIO EN VISTAALEGRE EN 1633 (1)

«En la casa y fortaleza de Vistaalegre cuya es la villa de Villagarcia y su jurisdiccion a 15 dias del mes de Noviembre de 1633 años ante Bernardo Lopez de Caneda Alcalde Mayor de la dicha villa y su jurisdiccion y de mi Escribano parescio presente Su Merced D.ª Juana de Moscoso y Sotomayor viuda del Sr. D. Lope de Mendoça y Sotomayor Sr. que fue de la dicha Villa y dixo que por cuanto ella era tutora y curadora de D. Rodrigo Antonio de Mendoça y Sotomayor subcesor en dicho vinculo y de los mas que va dicho y para que en todo tiempo conste de los bienes ansi muebles como rahices tocantes a dicho vinculo como ganancial y que a todo tiempo haya luz y claridad de todo ello desde luego debaxo de xuramento que hiço acia delante del dicho alcalde mayor y de mi escribano el recuento e inventario de los bienes en la forma siguiente:

Primeramente

Plata dorada. Salero açucarero y pimentero todo de plata y mas otra fuente grande de levantar meza de plata dorada.

Y mas dos jarras de plata doradas.

Y mas una salvilla de plata dorada.

Y mas un bernegal grande de plata dorada.

y mas otro barquillero de plata dorada.

y mas una porcelana de plata dorada.

y mas una copilla pequeña de plata dorada, y mas un taçon grande de plata dorada con sant.º en el fondo, y mas otra taça de plata dorada con las armas de los Moscosos. Y mas otra taça pinonada de plata dorada.

